

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2007.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Alvarez

D^a Ana Maria Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís María Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezasete horas do día tres de setembro de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 1 de agosto de 2007.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. JESUS MIGUEZ PEREZ RELATIVO A COLOCACION DE TUBOS DE HORMIGÓN NA ENTRADA A FINCA SITA EN VILA-RIGUEIRA.

Vista solicitude formulada por D. Jesús Míguez Pérez con D.N.I nº: 76.564.035-W con domicilio en Ferrol, 1 (28979 Rigueira), para realización de obras de colocación de tubos de formigón para a realización de entrada a finca sita en Vila-Rigueira.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se aporta, as obras que se pretenden, atópanse dentro da área delimitada como Solo Rústico de Protección Ordinaria (vial de dependencia municipal); por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- O entorno da instalación deberá estar perfectamente limpo e sinalizado durante a execución dos traballos.

- Unha vez executados os traballos, a zoa afectada deberá quedar en perfecto estado de uso.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.500,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 3,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 1 mes, e 3 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. MANUEL PALEO GONZALEZ, RELATIVO A OBRAS DE ACCESO A CASA SITA EN BOCAL-PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. Manuel Paleo González con D.N.I nº: 33.705.072-K con domicilio en Canaledo, 6 (27879 Rigueira), para realización de obras de acceso dende casa sita en Bocal (Portocelo), de 60 metros de largo e 10 metros de ancho.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación aportada polo solicitante, á area na que se ubican as obras que se pretenden, atópanse enclavadas dentro da área delimitada como Solo non Urbanizable de Protección de Costas, articulo 111 das Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento do Concello de Xove, aprobadas definitivamente o 15 de marzo de 1994. Solo Rústico de Protección de Costas, de acordo co Art. 32.e da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia; **polo que se deberá obter a previa autorización do Servizo de Costas. Artigo 32.e da Lei 15/2004 de modificación da Lei 9/2002 de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acorda:

1º) Denegar a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, en base o informe do Arquitecto Técnico Municipal.

2º) A notificación ó interesado, os efectos oportunos.

B.3) SOLICITUDE DE D^a MARIA ANTONIA BELLAS VAZQUEZ, RELATIVO A PINTADO EXTERIOR DE CASA-VIVIENDA SITA EN VILAR-LAGO.

Vista solicitude formulada por D^a M^a Antonia Bellas Vázquez, con D.N.I nº: 76.530.988-Y con domicilio en Vilar, 6 (27878 Lago), para realización de obras de pintado exterior de casa vivenda sita en Vilar, 6 (Lago).

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega subscrita polo interesado, a edificación o remozamento da cal se solicita, atópase dentro do area delimitada polo núcleo rural de Vilar-Lago e previsto como Chan non Urbanizable de Núcleo Rural de acordo coas Normas Subsidiarias e Complementarias de Plan do Concello de Xove. Articulo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de LOUPMRG; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Habida conta que non se achega proxecto descritivo das obras que se pretenden, as mesmas terán consideración de obra menor e pola súa condición de obras de acondicionamento non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume.
- Respectátese o primitivo deseño e tipología da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no articulo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- Durante a execución dos traballos, tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 1.430,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 28,60€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUDE DE D^a M^a EMÉRITA PEDRE VAZQUEZ, RELATIVO A REPARACIÓN DE TELLADO EN PENASAGUDAS-MONTE.

Vista solicitude formulada por D^a M^a Emérita Pedre Vázquez con D.N.I nº: 33.704.971-N con domicilio en Rúa do Colexio, 35 Baixo (27880 Burela), para realización de obras de reparación de tellado en Penasagudas (Casa Lousada).

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que á vista do plano de localización achegada, suscrito polo interesado, a edificación o tellado da cal, preténdese reparar, sitúase dentro do area delimitada como Chan non Urbanizable de Núcleos Rurais, de acordo coas Normas Subsidiarias de Xove, en vigor. Núcleo Rural. Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro. Núcleo Rural de Penas Agudas. –Xove ; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- Habida conta que non se achega proxecto descritivo das obras que se pretenden, e polo seu condición de obras de reparación, non poderán afectar a elementos estruturais, nin suporán aumento de volume.
- Respetarase o primitivo deseño e tipología da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- A cuberta debera ser de lousa.
- Durante a execución dos traballos, tomaranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o estado orixinario da edificación, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, e a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de Modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 600,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 12,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses, e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento

e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.5) SOLICITUDE DE D. CARLOS COCIÑA EIJO, RELATIVO A OBRAS DE RESTAURACIÓN DE MURO EN VILLALPOL, 36 (PORTOCELO).

Vista solicitude formulada por D. Carlos Cocña Eijo, con D.N.I nº: 33.704.580-M con domicilio en Villalpol, 36 (27877 Portocelo), para realización de obras de restauración de muro existente sito en el Km 8,480 da Carretera de Cruceiro a Morás por Portocelo.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Chan non Urbanizable de Núcleo Rural, de acordo coa vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove. Artigo 24 da Lei 15/2004 do 9 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 do 30 de Decembro, de LOUPMRG ; por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- O muro que se pretende restaurar non poderá superar os 1,50 metros.
- Reconstruírse en cachotaría concertada, bloque de formigón branco ou pintado.
- Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.
- As obras que se solicitan, respectarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes.
- Ao ser un vial dependente da Deputación Provincial, achégase o correspondente informe favorable do devandito organismo, debendo respectarse na súa totalidade os extremos expostos nese informe.
- Vías tipo II. -estrada Deputación. -
- Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, levantarase a correspondente acta de reformulo.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 500,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 10,00€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 1 mes, e 6 meses para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.6) SOLICITUDE DE D. JUAN LUIS DEL RIO BALSEIRO, PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN EN VILACHÁ-PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. Juan Luís del Río Balseiro con D.N.I. nº:77.591.686-J con domicilio en Vilachá, 42 (Portocelo) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda sita en Vilachá.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

- Asunto: Solicitude de Licenza de 1ª Utilización.
- Solicitante: D. Juan Luís del Río Balseiro.-
- Edificación: Vivenda Unifamiliar.-
- Situación: c/a Portocelo s/n. -Vilacha. -Xove

- Arquitecto: Don Manuel Prieto Martinez.-
- Aparellador: Don Tomas Rodríguez Rapa. -
- Data licenza: 08 de abril de 1.999.-

Obra prevista en proxecto: Edificio para vivenda unifamiliar en Vilacha.-Xove.- Vivenda unifamiliar composta de planta baixa para vivenda.

Obra executada: Vivenda unifamiliar composta de planta baixa para vivenda, totalmente executada e en perfectas condicións de habitabilidade.

Polo que, certifico que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. O volume da obra executada, é lixeiramente inferior á do proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

a edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente normativa urbanística do Concello de Xove no momento da concesión da licenza, anterior á Lei 9/2.002. Ordenanza de aplicación. -Chan non Urbanizable de Núcleo Rural. A obra executada, adáptase a normativa. - Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente licenza de primeira utilización.

- Presuposto proxecto de ejecucion:51.086,00 Euros.
- Valoración licenza Primeira Utilización 0,5% s/p 255,43 Euros.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Vilachá, (Portocelo), que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1ª ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 255,43€

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.7) SOLICITUDE DE RAQUEL SANTOS COCIÑA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por Dª Raquel Santos Cociña, con D.N.I nº: 33.998.455-Q con domicilio en Avda. Arcadio Pardiñas, 139 3º (27880Burela), relativo a cambio de titularidade da licenza concedida a Dª Maria Isabel Sánchez Peteira, para vivenda unifamiliar en Santiaguíño-Portocelo con fecha 6 de febreiro de 2007, para que a titularidade desta licenza sexa de Dª Raquel Santos Cociña.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que á vista da documentación aportada polo solicitante, e de acordo cos datos obrantes nos arquivos municipais, faise constar que : 1.- Con data 6 de febreiro de 2007, concedeuse licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Santiaguíño-Portocelo, de acordo co proxecto redactado polo Arquitecto D. Fernando Losada Liste. 2.- Informase favorablemente o cambio de titularidade que se solicita a favor da solicitante Dª Raquel Santos Cociña, quedando invariables as condicións da licenza de obra outorgada no seu día.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra para vivenda unifamiliar en Santiaguíño-Portocelo de Maria Isabel Sánchez Peteira para que sexa substituída como titular Dª Raquel Santos Cociña, con D.N.I nº: 33.998.455-Q.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

CONTAS E FACTURAS

C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE AGOSTO.

No habendo asuntos que tratar.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DE D. JOSE LOUZAO QUELLE DE SEGREGACION DE FINCA SITA EN AVDA. DIPUTACIÓN 33 XOVE.

Dada conta do escrito presentado por D. José Louzao Quelle con D.N.I. nº 33.797.552-H e con domicilio en Carballas, 7 (27870 Xove) no que solicita segregación de 262 m² de parcela sita en Avda. Diputación, 33 (Xove) segundo a documentación que se xunta, elaborada polo Arquitecto D. José E. Domenech de Aspe.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que As parcelas a segregación das cales se pretende, atopan dentro da área delimitada como CHAN URBANO. - Artigo 92. -Ordenanza 2ª. -Normas Subsidiarias Ayto de Xove, e parte desta dentro da área denominada como XOVE L -.U.E-1

De acordo coa documentación achegada, e referida á actual Normativa en vigor, e polas dimensións das parcelas resultantes, pódese realizar a segregación que se solicita, segregándose a parte edificable directamente situada en chan urbano, da parte posterior situada dentro do chan apto para urbanizar.

De acordo coa documentación presentada, a parcela resultante da segregación, situada en chan urbano, queda cunha fronte superior aos 8 metros e cunhas superficies de 262,00m² para o terreo que se segrega, e de 204,00m² para o terreo matriz, adaptándose ambas as dúas á vixente Normativa urbanística en vigor do Concello de Xove, polo que procede a concesión da segregación, nos mesmos extremos que se solicitan.

A parcela A, é edificable de acordo coa vixente Normativa urbanística do Concello de Xove, por situarse dentro de chan urbano consolidado, cun fondo edificable de 20 metros e a correspondente de protección en zona de transición entre chan urbano consolidado e urbano non consolidado e quedando a parcela B, resultante do terreo matriz, dentro da área delimitada como U.E-1. -Artigo 97. -Unidades de Execución en chan urbano.

Unidade de execución. -UE-1

Para autorizar a edificación, esixirase ter resolto con carácter previo a custa do promotor, como mínimo os servizos de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación e tratamento de augas residuais e sumministración de enerxía eléctrica ou noutro caso garantir a execución simultánea destes servizos coa edificación.

PARCELAS RESULTANTES:

TERREO MATRIZ.....466,00M/2. -

Parcela A Edificable.....204,00m/2. -

Parcela B Unidade de execución UE-1..... ..262,00m/2. -

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado do presente acordo á interesada así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.2) PETICIÓN DE DEVOLUCIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADO POR D.ª ELENA LOPEZ PEDRE, DERIVADO DE EXENCIÓN POR MINUSVALIA

Vista solicitude de devolución de cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2007 correspondente ó vehículo Audi A4 con matrícula 2090FSG, formulada por D.ª Elena López Pedre, con D.N.I. nº 33.763.990-J, con domicilio en Penasagudas, 10 (27879 Monte) según acredita na documentación adxunta no expediente de baixa por minusvalía aprobada na Xunta de Goberno Local de data 1 de agosto de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A devolución do importe abonado da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2007.

2º) O libramento da cantidade de 53,96 € á solicitante polos conceptos anteditos.

D.3) SOLICITUDE DE D. XAN CARBALLAL GONZALEZ DE LIBRAMENTO DE BECAS A MEMBROS DA ORQUESTRA DE CAMARA DE XOVE PARA O 1º SEMESTRE DE 2007.

Visto escrito de D. Xan Carballal, en calidade de Director da Orquestra de Cámara de Xove, con domicilio en Urb. Palmeiro (Rigueira), no que solicita o pago de becas ós membros da Orquestra correspondentes ó primeiro semestre do ano 2007; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) A aprobación da relación de beneficiarios das becas polas contías respectivas seguintes:

Nome	Importe
▪ Mª Inmaculada Lorenzo Paz	360€
▪ Luís Rodil Fernández	180€
▪ Rosana Pacin Vázquez	90€
▪ Victor Rodríguez González	60€
▪ Paula Llenderozas Ron	150€
▪ Sofía Canoura Franco	150€
▪ Saúl Canosa Insua	378€
▪ José A. Valcárcel Moura	342€
▪ Andrés Pérez Quiroga	126€
▪ Benjamín Iglesias Martinez	396€
▪ Manuel Pérez Pereira	126€
▪ Daniel Veiga Roca	270€
▪ Isabel Sanjuan Pérez	90€
▪ Silvia Camino Saco	270€
▪ Rebeca Maseda Longarela	414€
▪ Antia González Ben	156€
▪ Jesús Arranz Carreño	564€
▪ Silvia López Blanco	222€
▪ Miguel Rodriguez Area	288€
▪ Olalla Canoura López	720€
▪ Manuel Fernández Gayol	1.374€
▪ Nazareth Canosa Insua	2.591,50€
▪ Alba Villares Casas	540€
▪ Eva Lastra Barreira	144€
▪ Iria Sánchez Caballeiro	258€
▪ Sara Franco Ferreira	264€

▪ M ^a José Lamas Burón	99€
▪ Daniel Rivas López	378€
▪ David Canoura López	312€
▪ Jacobo Pedre Otero	198€
▪ Javier Pérez Quiroga	120€
▪ Angela Castro Fernández	192€
▪ Saínza Rego Otero	168€
▪ Patricia Eijo Gómez	90€
▪ Gabriel Baño Pena	90€
▪ Iván Siso Calvo	630€
▪ Nara Carballal Nogueira	300€
▪ Bruno Pedre Otero	144€
▪ Barbara Alvarez Fernández	252€
▪ Angel Leitao Salgueiro	342€
▪ Mario Arranz Carreño	492€
▪ Oscar Villarquide Maseda	60€
▪ Lorenzo Garcia Rivera	60€
▪ Eva García Martínez	228€
▪ Israel Arranz Carreño	180€
TOTAL:	14.858,50 €

D.4) ACORDO RELATIVO Ó “XIXº CAMPEONATO DE BOLOS (TEMPADA 2007-2008)”.

Visto escrito del Técnico Municipal de Cultura, relativo a la XIXª Tirada de Bolos para 2007-2008, organizada polo Concello, no que se sinalan as datas e as contías dos premios a entregar ós participantes.

Visto o informe de intervención obrante no expediente.

Previa deliberación, por unanimidade, en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación do gasto de 2.322,00€ con cargo á partida presupostaria 452.226.08 para o financiamento dos premios correspondentes ó 4º ó trimestre do exercicio de 2007.

2º) Amosar a conformidade coa previsión de consignación presupostaria no exercicio económico de 2008 da cantidade de 2.754,00€ que se corresponde cos premios a outorgar no primeiro trimestre do citado ano 2008.

3º) As cantidades referidas librananse o Técnico de Cultura, debendo constar a percepción nominal dos premiados, os efectos de xustificación documental do gasto.

D.5) ESCRITO DE Dª CARMEN GONZALEZ CAJETE SOLICITANDO EXENCION POR MINUSVALÍA DO IMPOSTO MUNICIPAL DE VEHICULOS.

Visto escrito de Dª Carmen González Cajete con DNI 33.761.816-R con domicilio en c/ Generosa Villalba, 2 (27870 Xove) no que presenta certificado de minusvalía con grado 48%, sendo titular dun cuatriciclo ligero de marca AIXAM A741 con matricula C6448BSD visto que a Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais outorga a exención de pagar o Imposto Municipal de Vehículos ás persoas que teñan un grado superior ó 33%; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Autoriza-la exención do vehículo de marca AIXAM A741 con matricula C6448BSD de Dª Carmen González Cajete con DNI 33.761.816-R.

2º) A remisión do presente acordo ó Servicio Provincial de Recaudación, sito en C/Tuy, 5 27004 (Lugo), os efectos de que o devandito vehículo quede exento de pagar o imposto Municipal de Vehículos no presente ano 2007 e sucesivos.

3º) A remisión á interesada, os efectos procedentes.

D.6) PETICIÓN DE DEVOLUCIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA FORMULADA POR D^a. CARMEN GONZALEZ CAJETE, DERIVADO DE BAIXA POR MINUSVALIA.

Vista solicitude de devolución da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2007, formulada por D^a Carmen González Cajete, con D.N.I. nº 33.761.816-R con domicilio en C/ Generosa Villalba, 2 (27870 Xove) por minusvalía, según se acredita na calificación da Delegación de Sanidade, que se adxunta á solicitude.

Visto informe de Secretaría relativo ó disposto na alínea terceira do art. 97 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais. Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) A devolución da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do exercicio de 2007.

2º) O libramento da cantidade de 15,15€ ó solicitante polos conceptos anteditos.

D.7) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a ELISA LÓPEZ BASANTA.

Vista solicitude formulada por D^a Elisa López Basanta, con D.N.I. nº 33.991.475-M, con domicilio en Ceranzos, 13(27877-Xuances), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 6 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a Elisa López Basanta como beneficiaria do mesmo, durante 6 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 3 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.8) SOLICITUDE DE REDUCCIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D. CELSO MÍGUEZ LAMELAS.

Vista solicitude formulada por D. Celso Míguez Lamelas, con D.N.I. nº 33.704.824-A, con domicilio en Vilachá, nº 36 (27877-Portocelo) na que solicita a redución de 3 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 3 horas semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Reducir o número de horas da solicitante para que pasen a ser 3 horas semanais.

2º) A notificación ó interesado, ós efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.9) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D^a MAGDALENA MARTÍNEZ VÁZQUEZ.

Vista solicitude formulada por D^a Magdalena Martínez Vázquez, con domicilio en Torre, nº 4-Vilar (27878-Lago) na que solicita a ampliación de 2 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 6 horas semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 6 horas semanais.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.10) CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PARA OBRA A D. JAIRO MÍGUEZ BAÑO EN ALVARIÑA-VILA, RIGUEIRA.

Vista solicitude presentada por D. Jairo Míguez Baño, con D.N.I. nº 34.636.982-V, con domicilio en Agramonte A, nº 2- Xove, para entroncamento de auga, para abastecer animais en finca sita en Alvariña-Vila(27879-Rigueira), por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que será necesaria a construción dunha arqueta de claves, o encanamento de 5 m. de tubería 25 en 10 atm. u.a. e colocación de contador e será necesario facer cruzamento en carretera da Deputación Provincial, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por D. Jairo Míguez Baño para finca sita en Alvariña-Vila (27879-Rigueira).

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.11) CONCESIÓN DE ENTRONCAMENTO DE AUGA PARA OBRA A Dª Mª DOLORES SOTO FERNÁNDEZ EN CERANZOS, Nº 4- XUANCES.

Vista solicitude presentada por Dª Mª Dolores Soto Fernández, con D.N.I. nº 76.545.536-H, con domicilio en Ceranzos, nº 4 (27877-Xuances), para entroncamento de auga, para casa deshabitada sita en Ceranzos, nº 4 (27877-Xuances), por parte desta Xunta de Goberno Local, previa deliberación, visto informe do fontaneiro municipal no que sinala que 6 m. de tubería 25 en 10 atm. u.a. e colocación de contador e será necesario facer cruzamento en carretera da Deputación Provincial, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión do entroncamento solicitado por Dª Mª Dolores Soto Fernández para casa deshabitada en Ceranzos, nº 4 (27877-Xuances).

2º) O presente entroncamento outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa e gastos correspondentes, ó cal efecto se lle transmitirá a oportuna valoración polos servizos municipais, que realizarán o entroncamento, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación, debendo ser instalado o contador polos servizos municipais.

D.12) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR Dª ELENA SÁNCHEZ BALSEIRO.

Vista solicitude formulada por Dª Elena Sánchez Balseiro, con D.N.I. nº 33.674.470-D, con domicilio en Camba, nº 27 (27877-Xuances), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 10 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de Dª Elena Sánchez Balseiro como beneficiaria do mesmo, durante 10 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 3 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.13) SOLICITUDE DE RENUNCIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR Dª DOSINDA LAGE VIDAL.

Vista solicitude formulada por Dª Dosinda Lage Vidal, con D.N.I. nº 76.557.051-X, con domicilio en Regosangüento, nº 3 (27879-Rigueira) no que expón que é beneficiaria do Servizo de Axuda no Fogar dende hai un ano aproximadamente, e que non está interesada en seguir beneficiándose do devandito Servizo, polo que solicita a súa renuncia no Servizo de Axuda no Fogar que presta o Concello de Xove.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aceptar a petición de renuncia solicitada, e proceder á súa baixa dende o mes de setembro de 2007.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.14) ESCRITO DE D. JOSE ANTONIO SANTOS COCIÑA, SOLICITANDO RECOÑECIMENTO DA ANTIGUEDADE NO SEU POSTO DE TRABALLO.

Por Secretaría dáse conta do escrito presentado por D. Jose Antonio Santos Cociña con DNI: 33.993.959 - M con domicilio a efectos de notificación en Acceso Apeadero, 17 (27870 Xove), no que sinala que o pasado 27 de abril de 2007 pasou a formar parte do persoal laboral fixo do Concello de Xove, e que tendo en conta que desempeñaba o seu traballo de Tractorista (Oficial 2ª) como persoal temporal dende o 19 de abril de 2004 e de forma continuada, é polo que solicita lle sexa recoñecida á antigüedad correspondente á data de inicio do contrato dende o 19 de abril de 2004.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Recoñecer a antigüedad do traballador D. Jose Antonio Santos Cociña no seu posto de Tractorista (Oficial 2ª) dende o 19 de abril de 2004.

2º) A notificación ó interesado, os efectos procedentes.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezasete horas e corenta e cinco minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, certifico.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.